

NOVIDADE  
EDITORIAL

EDITORA  
**alvarellos**

## A escrita secreta de Pepe Cáccamo e Baldo Ramos

**CRİPTOGRAFÍAS é unha colección de poemas viuais onde textos e ilustracións se fusionan á perfección. Dous poetas e artistas plásticos como Pepe Cáccamo (Vigo, 1950) e Baldo Ramos (Celanova, 1971), unen nestas páxinas os seus mundos literarios e desta fusión nace un libro enormemente singular. Un verdadeiro exercicio de escrita secreta.**



Páxinas: 70. Formato: 14 x 21 cms. ISBN 978-84-18567-33-9  
Impreso en cor en papel amigo dos bosques. Masterblank liño  
de 270 gr. para capa e coral crema de 120 gr. para interior  
PVP: 17 €

SANTIAGO DE COMPOSTELA, OUTONO 2022.-  
*Criptografías* é un exercicio de escrita secreta no que os poetas Pepe Cáccamo (Vigo, 1950) e Baldo Ramos (Celanova, 1971) superpoñen as súas voces nun experimento que xorde da amizade e da complicidade estética.

En 2014 os seus mundos literarios comezaron a orbitar arredor dos límites da poesía visual, sobre o libro como soporte plástico e sobre a obxectividade da palabra poética.

Nesa viaxe sen retorno fixeron diferentes escalas, editando en 2014 *CaRa inversa*, dous anos despois *libros conversos* –que reunía versos de 40 poetas– e elaborando o proxecto expositivo *A dobre páxina*, unha proposta exclusivamente visual.

*Criptografías* é a terceira publicación na que se reencontran os dous autores. Trátase dunha colección de poemas visuais de liña letrista en conversa con textos poéticos que foron escritos coa vontade de diluír a autoría nunha voz común que fai enormemente singular esta proposta.

Contacto cos autores: [baldoramos@edu.xunta.gal](mailto:baldoramos@edu.xunta.gal), [caccamo326@gmail.com](mailto:caccamo326@gmail.com)

